

Resumo da reunión do 25 de febreiro de 2021

- Decidimos a data e a hora das seguintes reunións e as datas das docencias externas. Fica todo neste documento, aínda que pode ser mudado en calquera momento, agás as docencias :

https://docs.google.com/document/d/1wpzxdWTr16W1qLbGD_KfI6naONEhNPd7GdXY5BCbeLk/edit?usp=sharing

- Cada grupo foi presentando as súas fichas : A2, B1-B2, C1-C2 e críticas para A2 e a partir de B2.
- Faltarían as fichas para xaponés e chinés e facer máis xenérica a ficha de C1-C2.
- De momento acordamos facer diferentes formatos de ficha en función do nivel, despois veremos cómo concretizar os deseños co obxectivo de telos listos antes do día do libro (23 de abril). Tamén apareceron varias ideas de recomendacións de obras, como penduralas na biblioteca en papeis colantes, sobre os andeis ou sobre os propios libros.
- No mes de marzo queremos lanzar unha actividade de lectura de poesía en todas as linguas, que consista en gravarse lendo un poema que teña que ver coa palabra « desexo », antes da próxima reunión concretizaremos as bases para a participación de profesorado e alumnado co fin de ir tendo algúns xa para o 20 de marzo, día mundial da poesía.
- O próximo 11 de marzo veremos todas as fichas para acordar os formatos e difundilas entre os departamentos para a súa tradución e concretizaremos a actividade de lectura de poesía.
- As follas para asinar, (2 horas de reunión + 1 hora de traballo individual) fican en Conserxería a partir do venres.